



Teaching Guide

Identifying Data					2018/19
Subject (*)	Sociological Theory 2		Code	615G01203	
Study programme	Grao en Socioloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinador	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	E-mail	carmen.rodriguez2@udc.es		
Lecturers	Gonzalez Radio, Vicente	E-mail	v.gradio@udc.es		
	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen		carmen.rodriguez2@udc.es		
Web	http://www.sociologia.udc.es/				
General description	Nesta materia se transmiten os coñecementos teóricos necesarios para a comprensión e coñecemento da ciencia sociolóxica, tanto no que se refire ao eido teórico como á súa aplicación ao eido empírico. Tamén pretende que os/as alumnos/as desenvolvan as competencias que lles permitan a comprensión da realidade social e a súa análise en clave teórica.				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A9	Análisis de los principales conceptos y generalizaciones sobre la sociedad humana y sus procesos.
A11	Aprendizaje de la historia de la teoría sociológica y sus principales escuelas hasta la actualidad.
A24	Conocimientos y habilidades en transmitir los conceptos, problemáticas y perspectivas sociológicas.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B4	Resolución de problemas.
B6	Comunicación oral y escrita en la lengua nativa.
B13	Razonamiento crítico.
B18	Creatividad.
B27	Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
Identificar na vida real os conceptos fundamentais da teoría sociolóxica contemporánea	A9 A11 A24	B3 B4 B6 B13 B18 B27	C1 C7
Definir cos conceptos fundamentais da teoría sociolóxica contemporánea	A11 A24	B3 B6	
Describir o coñecemento teórico máis relevante da socioloxía das últimas décadas e ser quen de transmitilo sintéticamente	A9 A11 A24	B3 B6 B13 B18	C1 C7



Resumir unha monografía sociolóxica e expresar sintéticamente os aspectos máis salientables da mesma	A24	B3 B6 B13	C1 C7
Realizar un mapa conceptual das correntes e autores máis salientables da teoría sociolóxica contemporánea	A9 A11 A24	B3 B4 B13 B18	C1

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1	O interaccionismo simbólico.
Tema 2	Do estruturalismo ó post-estruturalismo.
Tema 3	Socioloxía micro comprensiva. A fenomenoloxía, a etnometodoloxía e a dramaturxia social.
Tema 4	A teoría crítica
Tema 5	Teorías do intercambio, de redes e da elección racional.
Tema 6	Integración micro-macro.
Tema 7	Integración acción-estrutura: a teoría xeral dos campos e a teoría da estruturación.
Tema 8	Das teorías contemporáneas da modernidade á teoría social posmoderna.

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A11	22	40	62
Workbook	A11 A9 C7	0	20	20
Supervised projects	A9 A24 B3 B4 B6 B13 B27 C1 C7	16	46	62
Oral presentation	A24 B3 B4 B6 B18 C1	1	2	3
Long answer / essay questions	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	2	0	2
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes.</p> <p>Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados.</p> <p>A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de alumnos (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p>
Workbook	<p>Nos temas do programa existen un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates.</p> <p>As aulas son para entender os conceptos e as teorías e plantexar posibles dúbidas. Por esa razón cómpre ter leídos os textos sobre os que se falará na aula. Os textos da bibliografía son parte do material a partir do cal avaliaranse os coñecementos.</p>
Supervised projects	<p>Hai varios tipos de traballos tutelados, como as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal), a realización dun portfolio ou a elaboración dunha recensión. Estes traballos serven para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia.</p>
Oral presentation	<p>Un dos traballos realizado polo alumnado será exposto en clase.</p>
Long answer / essay questions	<p>Exame final sobre os contidos da materia explicados nas sesións maxistrais e nos recolleitos nas lecturas obrigatorias. A data é marcada oficialmente pola UDC.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Supervised projects Oral presentation Guest lecture / keynote speech Workbook	<p>A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa nosa presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciales que consideredes necesarias no horario que comunicaremos ao comezo de curso. Tamén estaremos dispoñibles de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle).</p> <p>Recomendase a todos os alumnos que, ante a dúbida, fagan uso das tutorías sempre.</p> <p>Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto cos profesores ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (20% da nota), un traballo sobre unha produción audiovisual (20% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a produción audiovisual) como o exame.</p>
---	---

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Supervised projects	A9 A24 B3 B4 B6 B13 B27 C1 C7	<p>Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o portafolio e a recensión. En todos estes traballos valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso). 	45
Oral presentation	A24 B3 B4 B6 B18 C1	<p>A presentación oral é obligatoria.</p> <p>Nela valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O dominio e comprensión do tema sociolóxico tratado. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. 	5
Long answer / essay questions	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	<p>Exame escrito con preguntas breves e de desenvolvemento sobre o materia da materia.</p> <p>Nel valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O manexo de conceptos e teorías. -A comprensión da materia. -A coherencia do discurso. -A correcta expresión escrita. 	50

Assessment comments



Avaliación continua.

A parte práctica (o conxunto de prácticas e actividades de clase, o portfolio, a recensión, a exposición, a asistencia e a participación) supoñerá o 50% da cualificación, o exame final o 50%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuatrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame.

Avaliación non continua.

Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto cos profesores ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (20% da nota), un traballo sobre unha produción audiovisual (20% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a produción audiovisual) como o exame.

Segunda oportunidade.

A aqueles que teñan aprobada a parte práctica da asignatura pero non se presenten ou suspendan o exame teórico da primeira convocatoria gardaráselles as notas da parte práctica pero terán que presentarse a un exame teórico nas datas oficiais marcadas pola UDC (en segunda oportunidade).

Aqueles que teñan que recuperar a parte práctica por habela suspendido deberán facer o mesmo exame teórico que os seus compañeiros que a teñan superada e ademais responder a unha ou varias cuestións para recuperar a parte práctica (soamente neste caso das dúas partes suspendas, a parte teórica do exame valerá un 60% da nota e a parte práctica un 40%).

Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - Ritzer, G. (2002). Teoría Social Contemporánea. Madrid: McGraw Hill - Giner, S. (2011). Teoría Sociolóxica Moderna. Barcelona: Ariel
Complementary	<ul style="list-style-type: none"> - Cobo, R. (2005). "El género en las ciencias sociales", en Cuadernos de Trabajo Social. - Martínez García, J.S. (2004). "Tipos de elección racional", en Revista Internacional de Sociología. - Noguera, J.A. (2003). "¿Quién teme al individualismo metodológico? Un análisis de sus implicaciones para la teoría social", en Papers. Revista de Sociología. - Rodríguez Ibáñez, J.E. (1998). La perspectiva sociológica. Historia, teoría y método. Madrid: Taurus

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Introduction to Sociology/615G01103

Sociological Theory 1/615G01110

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Social Structure and Social Change/615G01208

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.